

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DO DEPARTAMENTO DE INGLÉS
CPI DA CAÑIZA

ADENDA SOBRE A AVALIACIÓN

Tras a publicación da ORDE do 27 de decembro de 2022 de modificación da Orde do 20 de maio de 2022 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2022/23 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia, o Departamento de Inglés realiza esta adenda para modificar algúns aspectos relativos á avaliación final deste curso 2022/2023.

Nos apartados 8.1 e 8.2 da programación fálase da temporalización das unidades didácticas de 2º e 4º da ESO. En ambos casos, a última unidade (unidade 9) tiña asignado un número de sesións inferior ás demais e incluso se podía deixar esa unidade sen tratar por falta de tempo. Co novo calendario, hai máis sesións de clase para poder tratar esa unidade ou, se se considera máis necesario, repasar contidos. Deste xeito, a temporalización pasa a quedar así:

8.1. Temporalización 2º ESO

UNIDADE	Aprox. Nº Sesións	Avaliación
Introduction	6	Primeira
1 School Days	11	Primeira
2 Amazing People	11	Primeira
3 Music Mania	11	Primeira
4 Believe It or Not!	11	Segunda
5 What's the Weather Like?	11	Segunda
6 Healthy Living!	11	Segunda
7 Amazing Animals	10	Terceira
8 Technology Today	10	Terceira
9 What a Future! / Revision	10	Terceira

8.2. Temporalización 4º ESO

UNIDADE	Aprox. Nº Sesións	Avaliación
Starter Unit	6	Primeira
1: Curious Places	11	Primeira
2: That's a Laugh!	11	Primeira
3: Anything is Possible!	11	Primeira
4: Keeping it Green	11	Segunda
5: Family and Friends	11	Segunda
6: What a Crime!	11	Segunda
7: Man over Nature	10	Terceira
8: Around the World	10	Terceira
9: People and Products	10	Terceira

O apartado 11 da programación desaparece, pois segundo a nova orde, a avaliación final e a terceira realizaranse ao mesmo tempo, polo que deixa de existir a avaliación extraordinaria a finais de xuño como se fixera o curso anterior. Como xa non se conta con esa convocatoria extraordinaria para facer recuperacións, cada profesora organizará actividades de repaso e recuperación para o alumnado que non acade unha cualificación suficiente para aprobar a materia a final de curso.

Este documento foi revisado e aceptado polos membros que compoñen o Departamento de Inglés.

A Cañiza, a 9 de febreiro de 2023.